

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**15612** *Orde APA/1186/2018, do 14 de novembro, pola que, en uso da habilitación contida na súa disposición derradeira segunda, se modifica en materia de vedas e límites de captura o Real decreto 629/2013, do 2 de agosto, polo que se regula a pesca do coral vermello, a súa primeira venda e o procedemento de autorización para a obtención de licenzas para a súa pesca.*

O Real decreto 629/2013, do 2 de agosto, polo que se regula a pesca do coral vermello, a súa primeira venda e o procedemento de autorización para a obtención de licenzas para a súa pesca, establece a normativa básica nacional que regula esta pesca específica e recolle, igualmente, a transposición das recomendacións adoptadas até esa data pola Comisión Xeral de Pesca do Mediterráneo (CXPM).

O devandito real decreto faculta o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na súa disposición adicional segunda para establecer zonas ou períodos de veda nos cales se limite ou se prohiba o exercicio da pesca de coral vermello, co obxecto de protexer e conservar as colonias, nos termos previstos, así mesmo, na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Tradicionalmente, a temporada de pesca de coral vermello nas zonas do Mediterráneo autorizadas veuse exercendo anualmente no período comprendido entre o 1 de maio e o 31 de outubro, harmonizándose así a campaña anual de pesca coa exercida en augas interiores das comunidades autónomas con esta pesca, Cataluña e as illas Baleares. En prol de preservar o recurso, convén regular igualmente en augas exteriores a temporada de pesca, restrinxindo a actividade durante certos meses do ano, o que permitirá unha maior capacidade de rexeneración dunha especie caracterizada por un lento ritmo de crecemento.

Por outro lado, o Regulamento (UE) n.º 1343/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, sobre determinadas disposicións aplicables á pesca na zona do Acordo CXPM e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo, na súa redacción dada polo Regulamento (UE) n.º 2015/2102 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de outubro de 2015, incorpora, así mesmo, as primeiras medidas establecidas pola CXPM nas recomendacións relativas á pesca de coral vermello (Recomendacións CXPM/35/2011/2 e CXPM/36/2012/1), como é a prohibición xeneralizada de extracción de coral vermello nos fondos máis superficiais, a profundidades inferiores a 50 metros. A citada prohibición recolle unha exención se se conta cun marco de xestión nacional apropiado, á cal España se viña acollendo segundo se recolle no preámbulo do Real decreto 629/2013, do 2 de agosto. No entanto, dado o grao de explotación da especie realizado historicamente nas augas menos profundas e a necesidade de permitir a súa rexeneración, queda xustificada a supresión da excepción de profundidade en todas as augas exteriores de ámbito nacional, seguindo así as recomendacións científicas do Comité Asesor Científico da CXPM.

Por outro lado, na disposición derradeira segunda do Real decreto 629/2013, do 2 de agosto, facúltase o ministerio competente para o seu desenvolvemento e aplicación en materias tales como o establecemento do peso e volume total das capturas de coral vermello anuais, o número de autorizacións por zona de pesca ou o procedemento de autorizacións, todo isto en atención ao estado do recurso ou de conformidade co establecido na normativa comunitaria e nos convenios, acordos e tratados internacionais de que a Unión Europea ou España sexan parte.

Os datos de rexistros de capturas nos últimos anos constatan que a cota máxima actualmente autorizada excede a capacidade real de extracción que se exerce sobre o

recurso. Así mesmo, as recomendacións científicas no ámbito da CXPM aconsellan límites de capturas acordos cos últimos datos de referencia, mentres se realiza unha avaliación do estado das poboacións de coral no ámbito rexional, para a consecución da súa explotación sustentable. Convén, por tanto, reducir a cota máxima de extracción de coral vermello anual por pescador, o cal redundará igualmente nunha redución do esforzo pesqueiro exercido sobre as súas poboacións.

Así mesmo, débese ter en conta a Orde APM/1101/2017, do 2 de novembro, pola que se convoca o procedemento de autorización para a extracción e venda de coral vermello, así como a veda establecida nas augas interiores de Cataluña pola súa normativa autonómica desde o 1 de novembro de 2017 até o 31 de decembro de 2027, veda que se amplía ás augas exteriores contiguas ou adxacentes, ao norte do paralelo de cabo Bagur até a fronteira con Francia. Deste modo, na «Zona 1. Cataluña» do anexo I do Real decreto 629/2013, do 2 de agosto, queda como única zona autorizada para a extracción de coral vermello a área comprendida entre Arenys de Mar e o cabo Bagur, segundo a delimitación indicada na orde mencionada, toda ela situada en augas exteriores e tradicionalmente moito menos explotada que a área actualmente vedada. Este feito xustifica a necesidade de reducir de maneira adicional a cota máxima de capturas para a «Zona 1. Cataluña».

O presente texto comunicouse á Comisión da Unión Europea, solicitouse informe ao Instituto Español de Oceanografía e efectuouse consulta ás comunidades autónomas e ao sector pesqueiro afectados.

En cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este proxecto foi sometido ao procedemento de información pública e adécuase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas: principios de necesidade e eficacia pois que a modificación do real decreto en virtude da habilitación contida na súa disposición derradeira segunda resulta o instrumento máis indicado para prohibir a pesca do coral nos fondos con profundidade inferior a 50 metros, establecer a veda mencionada, reducir a cota de capturas de coral vermello por pescador e ano cunha redución adicional da cota na zona 1 do anexo I do real decreto; principio de proporcionalidade, xa que estas modificacións resultan imprescindibles para asegurar a sustentabilidade da pesca a longo prazo; e principio de seguranza xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional, co da Unión Europea e coas recomendacións da Comisión Xeral de Pesca do Mediterráneo. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, en tanto que a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e transparencia, ao terse garantido unha ampla participación na súa elaboración.

A presente orde dítase de conformidade co previsto nos artigos 7, 9 e 12 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, así como en virtude da disposición adicional segunda e disposición derradeira segunda do Real decreto 629/2013, do 2 de agosto, polo que se regula a pesca do coral vermello, a súa primeira venda e o procedemento de autorización para a obtención de licenzas para a súa pesca.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo único. Modificación do Real decreto 629/2013, do 2 de agosto, polo que se regula a pesca do coral vermello, a súa primeira venda e o procedemento de autorización para a obtención de licenzas para a súa pesca.*

Un. O artigo 2.2 queda redactado como segue:

«2. A cota máxima de extracción de coral vermello por pescador autorizado e ano establécese en 150 quilogramos de coral en bruto, incluíndo o cómputo das extraccións autorizadas, se for o caso, polas comunidades autónomas en augas interiores, aceptándose unha tolerancia do 10 por cento entre o coral en bruto e o coral neto.

Non obstante o parágrafo anterior, no caso da «Zona 1. Cataluña» do anexo I, tendo en conta a veda establecida en augas interiores mediante a Orde ARP/59/2017, do 7 de abril, da Consellería de Agricultura, Gandaría, Pesca e Alimentación da Xeneralidade de Cataluña, desde o 1 de novembro de 2017 até o 31 de decembro de 2027, complementada pola veda establecida en augas exteriores pola Orde APM/1101/2017, do 2 de novembro, a cota máxima de capturas por pescador e ano na zona de augas exteriores que permanece autorizada establécese en 25 quilogramos de coral en bruto, aceptándose unha tolerancia do 10 por cento entre o coral en bruto e o coral neto.»

Dous. Engádense dúas novas alíneas, d) e e), ao artigo 4:

«d) Nas zonas de pesca autorizadas 1, 2, 3 e 4 do anexo I, o exercicio da pesca de coral vermello desde o día 1 de novembro ao 30 de abril de cada ano, ambos inclusive, período en que se establece unha veda temporal de pesca.

e) Co obxecto de protexer as colonias en augas máis superficiais, queda prohibida a pesca ou extracción de coral vermello a profundidades inferiores a 50 metros.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de novembro de 2018.—O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.